

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE MAIO DE 2023

PRESIDENTE:

O primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós

ASISTENTES:

D^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D. Óscar A. García Patiño
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.^a Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do primeiro tenente de alcalde D. Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.^a Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 12 DE MAIO DE 2023 E DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE MAIO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 12 de maio de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 12 de maio de 2023.

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 16 de maio de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de maio de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Resolución 2023/19352 do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto “mantemento do persoal técnico en xestión cultural, cun importe de subvención de 15.000 euros. BOP núm. 94, do 19-05-2023.

3.- PROPOSTAS

3. ÚNICO.- PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA NO EXPEDIENTE NÚMERO 2020/C004/000032, PARA O SERVIZO DE “ACTUALIZACIÓN DO CATÁLOGO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA, COS FONDOS EXISTENTES NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE CAMBRE”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de maio de 2023 (CVD: CXmAiDGzGllgAb/MCH4w), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato do servizo de “Actualización del Catálogo de la Red de Bibliotecas Públicas de Galicia, con los fondos existentes en las Bibliotecas Municipales de Cambre”, foi adjudicado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 20.04.2021, á empresa NORMADAT, S.A., no prezo ofertado de 18.468,31 euros (IVE incluído). O contratista presenta con data do rexistro de entrada do 03/05/2021 e nº rexistro 202199900002412, escrito de aceptación do contrato.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante certificado de seguro de caución nº 4.250.954 da entidade aseguradora ATRADIUS CRÉDITO Y CAUCIÓN S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, de data 06 de abril de 2021 por importe de 763,15 € depositado na Tesourería municipal con data 09.04.2021 con núm. de rexistro 994.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara, con data do 04 de maio de 2023, (CVD: v2BiB26XKavKcRRbom3+) no que entre outras cousas sinala:

“(…) Tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante fai constar:

1.- *Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 763,15 euros.(...)*

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 179/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 13 de maio 2023, de carácter favorable (CVD: VBh/R9iPCulqdeHpBAYW).

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 763,15 euros constituída pola entidade Normadat, S.A., con CIF A80465792, mediante certificado de seguro de caución no expediente número 2020/C004/000032, para o servizo de “Actualización del Catálogo de la Red de Bibliotecas Públicas de Galicia, con los fondos existentes en las Bibliotecas Municipales de Cambre”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de maio de 2023 (CVD: CXmAiDGzGllgAb/MCH4w), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 12 ao 18 de maio de de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 850/2023 e

rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 871/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
850/2023	12-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 26.030,30 euros
851/2023	12-05-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar CST realizados na parcela sita A Torre, San Lourenzo, consistentes na execución dun movemento de terras e a construción dun muro de contención, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
852/2023	12-05-2023	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de abril de 2023 por importe de 78.165,32 euros
853/2023	12-05-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 18 de maio de 2023
854/2023	12-05-2023	Incoar expediente disciplinario ao funcionario propio desta corporación, JABC arquitecto municipal, para dilucidar posibles responsabilidades disciplinarias en relación aos feitos que se relacionan no informe de data 4 de maio de 2023 da instrutora de dilixencias previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen tal incoación, dona María Begoña López García, funcionaria de carreira do Concello da Coruña, que foi nomeada para a instrución das mesmas por resolución número 66/2023 da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de xaneiro de 2023, de conformidade cos artigos 192-4 e 212-2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, e que poden implicar a presunta comisión das infraccións tipificadas nos apartados do artigo 186 da indicada Lei 2/2015
855/2023	12-05-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de maio de 2023
856/2023	16-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
857/2023	16-05-2023	Baixa da liquidación núm. 2029 023 000017, correspondente ao trimestre terceiro de 2018, pola subministración de auga, sumidoiro, depuración e canon de auga, número de contrato 1003, expedida a nome de JLC, incluída na providencia de prema 4/2022
858/2023	16-05-2023	Rexeitar a solicitude do fraccionamento das débedas feita por CDMS
859/2023	16-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
860/2023	16-05-2023	Delegar no concelleiro don Diego Alcantarilla Rei para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de SGF e OLL
861/2023	16-05-2023	Delegar no concelleiro don Diego Alcantarilla Rei para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de MdelMLP e ERY
862/2023	16-05-2023	Estimar a solicitude de devolución de ingresos e recoñecer o dereito á devolución dun importe 357,60 euros, o cal foi aboado en concepto de dúas taxas por ocupación de espazo e vía pública (336,00 euros e 21,60 euros) que non se efectuou por non terse autorizado. Solicitante: MGGF, en representación de AFE, S.L.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

863/2023	18-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e gastos por importe total de 13.637,30 euros
864/2023	18-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
865/2023	18-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
866/2023	16-05-2023	Acceder parcialmente ao solicitado polo que respecta á consulta de documentación do expediente disciplinario, e poñer a disposición do Sr. BC durante un prazo de 15 días hábiles a documentación que figura no expediente 2022/X999/000777 na sede electrónica do Concello de Cambre, á que poderá acceder a través da pestaña “As miñas gestións”
867/2023	18-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da Intervención municipal por importe de 3.061,54 euros
868/2023	18-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a factura e certificación de obra Implantación de arbolado nos espazos públicos do solo urbano de Cambre por importe de 27.411,62 euros
869/2023	18-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 6.389,57 euros
870/2023	18-05-2023	Aprobar a xustificación presentada e recoñecer e liquidar obrigas a favor da asociación “Sementeira Cambre” por importe de 6.500,00 euros, en concepto de segunda achega correspondente ao convenio de promoción musical 2022, así coma o seu aboamento
871/2023	18-05-2023	Conceder a bonificación solicitada no imposto de construcións, instalacións e obras (comunicación previa exp 2022/U026/000354), por cumprir os requisitos establecidos para ser beneficiario dela na ordenanza fiscal num. 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Solicitante: RFG, en representación de SPES, S.L.

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria accidental

Verónica María Otero López